

LISTA DE ASISTENTES

Xosé Baamonde
Paulino Pérez Feijóo
Diana Ramahí
Alberto Dafonte
David Elisardo Formoso
Oswaldo García Crespo
Carmen López de Aguieta
Román Pereiro
Fortunato Rodríguez
Enma Torres
Juan Manuel Corbacho
Silvia García Mirón
Beatriz Legerén
María Isabel Míguez
Mónica Valderrana Santomé
José Rúas Araujo
Montse Vázquez Gestal
Javier Abuín

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo do 29 de novembro de 2018, convocada para as 16.00 h en primeira convocatoria e ás 16.30h en segunda na Sala de Xuntas da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

O día 29 de novembro de 2018, ás 16.30 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Departamento do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade, co obxecto de tratar os seguintes puntos da **orde do día**:

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Luis Xabier Martínez Rolán
Alberto Pena Rodríguez
Julinda Molares

1. Aprobación, se procede, da acta anterior:

Apróbanse.

2. Informe do Director do Departamento.

O director do departamento, José Rúas Araujo, informa:

- Firma dun Proxecto de I+D do Profesor Alberto Dafonte
- Finalmente, nos haberá becario do departamento ya que a persoa seleccionada, a pesares de esta matriculada nun máster, tiña feito outro con anterioridade, polo que non cumpría os requisitos.
- O 13 de decembro celebrarase un novo Consello, na orde do día irán a aprobación de informes para as solicitudes de quinquenios, polo que se lle recorda ó profesorado afectado para que solicite os informes pertinentes. Presentarase nese Consello o orzamento do departamento e a proposta de varias invitacións derivadas da renuncia o seu contrato da profesora María Montero, así como doutra docencia valeira.
- Ese mesmo día, trala celebración con Consello se fará un pincho de Nadal.

3. Asuntos de Profesorado: Transformación de prazas de profesorado de Axudante doctor a Contratado doctor interino

Os profesores Diana Ramahi, Silvia García Mirón e Oswaldo García terminan seu contrato de Axudante doutor neste curso, propónse a transformación dos seus contrato a Contratados doutores interinos

Apróbase

4. Aprobación, se procede, da creación dun grupo de traballo para a modificación do Plan de Estudos do grao de Comunicación Audiovisual e Publicidade.

O director informa da reunión informativa con membros do departamento a raíz do “**Informe sobre posibilidades de homogeneización y diferenciación de los grados de comunicación audiovisual impartidos en el sistema universitario gallego**”.

O coordinador da titulación, o profesor Fortunato Rodríguez informa ademáis da reunión da Comisión Académica da titulación onde se tratou dito tema.

O que se plantexa dende o departamento e a creación dun grupo de traballo específico, con membros da área, para que fagan una primeira proposta que poida ir avalada polo departamento, a marxe do traballo do órgano oficial da Comisión Académica onde están representadas as diferentes áreas que teñen docencia no título.

O director recorda que na reunión informativa manifestaron o seu interés por estar neste grupo as profesoras Beatriz Legerén e Silvia García, así como a profesora Ana Amorós a través do mail. Tamén se incorpora a profesora Diana Ramahi.

O director destaca a necesidade tal vez, dunha presenza institucional, o decano e o director, para acudir a alguna reunión.

O profesor Xosé Baamonde afirma que, como decano pódese pensar nunha segunda comisión para ás reunión de decanos.

Recórdase que o que se trata é de crear un grupo de traballo do departamento, non oficial, e que non se confunda nen interfira no traballo oficial da Comisión Académica, senón dun grupo que elabore a proposta avalada por todo o departamento, tendo en conta que a docencia maioritaria desa titulación corresponde o departamento de Comunicación Audiovisual y Publicidad.

O profesor Fortunato García pide que se incorpore a ese grupo de traballo una das conclusión do informe presentado por él á Comisión Académica do Grao e aprobada pola mesma na que se afirma que “se debe aproveitar este informe para acometer la modificación del plan de estudios con el fin de adaptarlo, en la medida de los recursos materiales y humanos disponibles, al nuevo contexto digital, sin renunciar a una formación general en eas materia básicas de la comunicación audiovisual.”

Apróbase a formación do grupo de traballo constituído por: Fortunato Rodríguez, Ana Amorós, Beatriz Legerén, Silvia García y Diana Ramahi.

5. Rogos e preguntas.

O profesor Xosé Baamonde informa que as listas definitivas dos bolseiros de informática sairán a próxima semana, estando pendente a data da súa incorporación e que unha vez sexan designados se lles ubicará nos diferentes laboratorios.

A profesora Silvia García pregunta sobre a duración dunha interinidade. Farase a consulta

Sen máis intervencións levántase a sesión ás 17:00 horas.

En Pontevedra, 29 de novembro de 2018

O director
departamento

A Secretaria do D

José Rúas Araújo

Montserrat Vázquez Gestal